

1. /: Aló arriba no monte  
hai un bicho venenoso :/  
que levaba as mociñas  
e levan a culpa os mozos.



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

*Se vas ao Ribeiro,  
ao Ribeiro d'Avia,  
se vas ao Ribeiro,  
vai por Ribadavia.  
Vai por Ribadavia,  
vai por Ventosela,  
eu teño unha novia  
que dá xenio vela.*

2. Cando canto, canto rabias,  
quen mas oe ben mas entende,  
/: deume Dios habilidá  
pra comprar a quen me vende. :/

*Anda, Maruxiña,  
remenda o refaixo,  
que o levas roto  
por riba e por baixo.  
Por riba e por baixo,  
por baixo e por riba,  
anda, Maruxiña,  
reméndao axiña.*